

Vaga de lumes 2017

Posicionamento institucional da Fegamp

INFORME

Ingresos municipais
e factores de xestión

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Lei de Protección de Datos nas
Administracións Públicas. Por Fernando
Suárez Lorenzo, presidente do CEPEIG

AO COMPÁS

A nosa Rianxeira cumpre 70 anos

BATIDORA
CON 6 VELOCIDADES,
INCLUIDA LA DE TENERLA
HOY MISMO EN CASA.



**TU PRODUCTO ES MEJOR PRODUCTO,
CUANDO LO ENVÍAS **CON** CORREOS.**

Súmale a tu producto la experiencia de que tus clientes
puedan recibirlo incluso el mismo día de haberlo pedido.
Súmale lo que significa hacerlo llegar con Correos.



Patrocinador del
Equipo Olímpico Español

Entra en concorreos.com





Carta do presidente

Os rexedores non nos agochamos ante as dificultades

A vaga de lumes que recorreu Galicia o pasado mes de outubro afectou á cidadanía galega dunha forma decisiva. En especial están afectadas as sensibilidades de persoas que viron a morte de cerca e dunha forma tan violenta como ocorreu o pasado 15 de outubro. Máis dun centenar de concellos galegos sufriron os danos do lume que deixou tras de si catro vítimas mortais e centos de animais mortos; os lumes supuxeron tamén innumerables perdas materiais, medio ambientais e económicas.

Esta circunstancia, sumada á seca prolongada que está vivindo a nosa comunidade, son dous dos temas máis importantes nos que levamos traballado este outono, tentando paliar na medida do posible estas terribles situacións. É de gran importancia que a administración poña en marcha unha nova ordenación do monte e a posta en valor do mesmo. Tamén se trata de cambiar as cousas para que se dea luz verde a que as empresas gandeiras, forestais, agrícolas –ou doutro sector pero con iniciativas empresariais beneficiosas para o monte– poidan atopar o apoio necesario para poñelas en marcha e non atrancos que as boten para atrás. Porque estamos seguros de que o monte arde porque en moitos lugares de Galicia non ten valor, e iso hai que cambialo.

Estas situacións de emerxencia teñen marcado a axenda da Fegamp neste outono. Pero ademais de traballar a prol de axuda e solucións para esta situación, tamén temos obtido vantaxes noutras canles. No eido do financiamento, cremos ter dado por resolto o tema dos gastos de mantemento dos centros de Saúde dos que se fará cargo a Xunta de forma paulatina a falta da posta en marcha definitiva do acordo acadado. En cuestión

de orzamentos, informamos aos concellos da achega de máis de 18 millóns de euros para as Entidades Locais galegas, que se quedan nas arcas municipais grazas a unha reclamación do Céntimo Sanitario feita desde a Fegamp. Ou por exemplo, en materia social, levamos a cabo a sinatura do convenio de colaboración coa Secretaría de Igualdade de apoio á Rede de Violencia de Xénero, e a campaña #ConcellosPoloBoTrato posta en marcha de novo este ano desde a Fegamp en colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia para motivar ao municipalismo no rexeito da violencia. Pero non quero deixar pasar a oportunidade de compartir unha reflexión sobre a importancia das corporacións locais nesa fatídica xornada do 15 de outubro onde a totalidade dos alcaldes e alcaldesas que tiveron a desgraza de ver arder o seu concello, puxéronse á fronte dos dispositivos de extinción cando a situación estaba descontrolada e a alerta, con risco para as persoas, era máxima. Os alcaldes e alcaldesas, como autoridade máxima en ausencia doutro mando específico, tomaron decisións difíciles: coordinaron medios, axudaron nas evacuacións, calmaron os nervios, protexeron aos seus veciños, choraron, sufriron.

A través desta situación extrema que viviron os alcaldes e alcaldesas quedou patente dunha forma evidente que cando a cousa se pon fea, os rexedores non nos agochamos, senón que poñemos o traxe de faena e saímos a defender os nosos concellos con uñas e dentes. O traxe é unha metáfora do medo que hai que espantar para afrontar unha situación de máxima alerta como a que se deu, pero é máis forte o sentido da responsabilidade e compromiso coa cidadanía.

Alfredo García Rodríguez

Presidente da Fegamp e alcalde do Barco de Valdeorras



CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

outono 2017
número 28

segunda época

Coordinación e redacción

Diana R. Ramos
Responsable de Comunicación da Fegamp

Redacción

Raúl Fernández
Coordinador da Fegamp
Alicia González
Técnico da Fegamp
Andrés Núñez
Técnico da Fegamp

Colaboración

Carmen Novas
Responsable de Comunicación do Fondo Galego
Fernando Suárez Lorenzo
Colexio Profesional de Enxeñaría
en Informática de Galicia (CPEIG)

Información de publicidade

Dpto. publicidade
Tel: 981 062 476

Deseño e maquetación

Rubine Red Comunicación
www.rubine.es

Fotografías e ilustración

Miguel Muñiz
Diana R. Ramos
Laura Gómez
(De Cibreiro)

Edita

**Federación Galega
de Municipios e Provincias**
(Gabinete de Comunicación)
Rúa Varsovia-Área Central, 4C,
6º andar / 15707 Fontiñas,
Santiago de Compostela

Tel: 981 555 990
Fax: 981 565 203
comunicacion@fegamp.gal
www.fegamp.gal

Depósito Legal: C-2775-05
ISSN: 1885-5482



sumario

03*

Carta do Presidente

A vaga de lumes que reduciu a cinza o paisaxe galego no mes de outubro amosou o valor da política local á hora de enfrontarse ás dificultades.

09*

financiamento Devolución do céntimo sanitario

18 millóns de euros de financiamento extra para as EE.LL. galegas grazas á Fegamp

11*

axenda Fegamp

Validado o uso do criterio de dispersión no reparto da PIE

O informe do Comité de Expertos de Madrid ratifica a utilización do criterio de dispersión xeográfica na distribución da PIE



Ponte de San Clodio, Concello de Leiro

12* informe económico

Ingresos municipais e factores de xestión

Analízanse por comarcas os datos de ingresos municipais en relación aos factores de xestión

16*

Galicia, cidade única

Recordamos o artigo do presidente para conmemorar o pasado 25 de xullo o Día de Galicia

20*

0 faladoiro

Os retos do Regulamento Xeral de Protección de Datos para as AAPP.

Colaboración de Fernando Suárez Lorenzo, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)

22*

fondo galego de cooperación

20 Anos do fondo galego

Este outono celebrábase o 20 aniversario do Fondo Galego nun acto na Cidade da Cultura de Galicia

25*

boas prácticas

Pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía

Todo sobre a xornada levada a cabo para motivar á adhesión dos concellos galegos a esta iniciativa da Comisión Europea para promover a nivel local a loita contra o cambio climático

30*

ao compás

A rianxeira cumpre 70 anos

Coñece a verdadeira historia desta cantiga que é o segundo himno de Galicia

Declaración institucional da Fegamp sobre a última vaga de lumes

Os concellos demandan solucións

Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias, choramos por todas as comarcas galegas, portuguesas e asturianas que teñen pasado por unha situación de alerta máxima debido á vaga de lumes que puxo en risco ás persoas, aos animais e ao medio ambiente.

Esta traxedia non marcha de balde de Galicia, senón que deixa detrás de si a 4 vítimas mortais, decenas de feridos e miles de hectáreas queimadas.

As causas que se veñen barallando son diversas: cambio climático, efecto 30, abandono do monte, política forestal, intereses inmobiliarios, brigadistas cabreados, conflitos nas comunidades de montes, cotos de caza, terrorismo, tensións... Só unha investigación rigorosa poderá dar respostas.

A actuación inmediata da xente, dos galegos e galegas inmersos na terrible situación de ver o lume ao pé das súas casas, foi in Mellorable. Unha honra ver a todo un pobo loitando contra o lume, organizándose sen apenas medios e con pouca coordinación externa, para aproveitar todos os recursos dispoñibles.

Aos servizos de extinción: Garda Civil, Bombeiros, Policía Nacional, Policía local, persoal das Deputacións, GES, UME e Brigadas Forestais, queremos transmitirlle o noso agradecemento máximo ao seu traballo. Salvaron a vida de moitos galegos e galegas, evitando que esta traxedia fose de maior magnitude. Queremos tamén desde a Fegamp facer unha mención especial para os alcaldes e concelleiros que estiveron horas e horas á fronte destes dispositivos.

Os incendios deste outono **deben ser un punto e aparte para unha nova política fronte ao lume baseada na ordenación do territorio** que evite que estes actos se repitan. Baixo o noso punto de vista, un monte que non produce é un monte que está condenado a arder. Temos que ser capaces entre todos e todas de consensuar como poñer en valor o noso monte paxra que isto non ocorra de novo.

Por último recordar que dende a Fegamp puxemos de manifesto no mes de xuño, tras o noso Consello Federal, a preocupación dos concellos **ante a imposibilidade de facer fronte á limpeza das Franxas de Protección dos núcleos rurais pola falta de medios económicos e de persoal, así como a dificultade para identificar as aos titulares das parcelas e o acceso ás mesmas**. Solicitamos tentar chegar a acordos que solucionaran este problema que nos preocupaba á hora de garantir a seguridade fronte a posibles lumes nos nosos municipios. Non recibimos outra resposta que unha carta recordatorio do que di a lei.

Desde a Fegamp **reiteramos a nosa disposición para falar coa administración na procura de solucións conxuntas** aos problemas reais que existen no monte galego, como o son as franxas de protección dos 30.000 núcleos rurais que existen en Galicia.

En base a todo isto dende a Fegamp demandamos de xeito inmediato á vaga de lumes:

- A aprobación por parte da Xunta e o Goberno Central dun **paquete de medidas urxentes** para paliar na medida do posible os graves danos ocasionados.
- **Coñecer como se van a xestionar as axudas**, as contías e o os criterios de reparto.
- A posta en común de todas as administracións relacionadas co monte para **poñerse a traballar evitando así situacións como as vividas**, de cara a unha efectiva ordenación do territorio e da súa posta en valor.
- **Motivar ás industrias de aproveitamento agroforestal, así como a iniciativas particulares**, para que se establezan nos territorios rurais.
- A posta en marcha unha **rigorosa investigación** para decretar as causas reais desta vaga de lumes.
- Endurecer as sancións polo abandono e falta de limpeza das parcelas co fin de **concienciar á poboación da importancia da prevención**.

A Fegamp amosou a súa total dispoñibilidade nos días inmediatamente posteriores aos lumes:

XOVES, 19 DE OUTUBRO.

O COAG pide axuda á Fegamp para coordinar unha lista de máis de 200 arquitectos voluntarios para axudar nas valoracións dos danos

O Colexio oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) abría unha listaxe de arquitectos voluntarios o martes 17 de outubro na que se anotaron máis de 200 arquitectos en menos de un día. Tras esta gran acollida o COAG establecía contacto coa Fegamp para axudar nas labores de coordinación dos voluntarios e na difusión da iniciativa.

MÉRCORES, 25 OUTUBRO.

A Fegamp leva a cabo a recollida de datos dos danos polos incendios

A petición da Xunta de Galicia, a Fegamp ten coordinado cos concellos galegos afectados polos lumes de outubro, o envío da relación de danos persoais, particulares e tamén municipais acaecidos polos lumes en outubro. Xurdiu xa unha primeira listaxe, aínda sen valoracións económicas, e seguimos recollendo os datos de valoracións que aínda están chegando á federación.



LUNS, 23 OUTUBRO.

A Fegamp presente mesa de coordinación de accións técnicas post-incendios

O presidente da Fegamp, Alfredo García, xunto co alcalde de Carballeda de Avia, Luis Milia, participaron na mesa de coordinación de accións técnicas post-incendios convocada con urxencia pola Xunta. Os primeiros pasos que propuxo dar Medio Rural foron accións para recuperar o terreo e evitar a erosión do chan. Acordouse dar prioridade aos lumes de máis de 300 hectáreas. Na mesa tamén se pediu colaboración á Fegamp para recadar información dos bens persoais e municipais afectados nos concellos.



XOVES, 26 OUTUBRO.

Creación dun apartado web para manter informados aos concellos sobre os INCENDIOS OUTUBRO 2017

Desde a Fegamp creouse tamén un apartado específico na web corporativa da entidade para recoller toda a información relativa aos incendios: convocatoria de axudas, contacto cos arquitectos voluntarios, modelo de solicitude de datos, resumo das axudas, etc, que conseguiu facilitar o acceso á información existente aos concellos galegos. Pódese acceder a toda esta información en: <http://fegamp.gal/content/incendios-galicia-outubro-2017>

MARTES, 24 OUTUBRO. Reunión na Delegación do Goberno en A Coruña para coordinar as axudas polos incendios

Representantes da Xunta de Voceiros da Fegamp reuníanse o martes 24 de outubro co Executivo central e a Xunta na Delegación do Goberno en A Coruña para tratar de coordinar a batería de axudas ás que poderán acceder os afectados polos incendios.



MARTES, 31 OUTUBRO.

Reunión de constitución da Mesa polas Emerxencias

Nesa reunión os concellos galegos pediron contar cun número de teléfono específico para os alcaldes en caso de emerxencias xa que na xestión dos episodios de incendios aos que se enfrontou Galicia, os alcaldes víronse sen forma de contactar cos servizos de emerxencias colapsados como foi o caso do 112 co que non se puido contactar durante horas. A Xunta accedeu a ter en conta a petición dos alcaldes.



MÉRCORES, 15 DE NOVIEMBRO.

A Consellería do Medio Rural presenta as emendas en materia de prevención á Fegamp

Os voceiros da Fegamp reuníronse na Consellería do Medio Rural para coñecer as emendas propostas na Lei de Acompañamento aos orzamentos de 2018 para abordar a posta en marcha de medidas de prevención dos incendios. A Fegamp tivo coñecemento así das medidas que *ían afectar* directamente aos concellos como a concesión de potestade para actuar por vía de emerxencia nos casos de parcelas con dono non localizable ou descoñecido, ou a creación de "corredores verdes" libres de especies pirófitas.





A prevención é o mellor escudo para defender os nosos montes dos lumes

8

O pasado mes de outubro Galicia escribiu unha páxina negra na súa historia.

Hai indubidablemente uns culpables directos e indiscutibles desta catástrofe, os incendiarios ou terroristas do monte; porque a gran maioría deses lumes foron provocados. Pero todos, Administracións e cidadáns, temos a nosa parte de responsabilidade.

Porque debemos ser conscientes de que a unión e a prevención son as mellores armas para tentar loitar contra esta lacra. Esta é unha batalla que temos que librar conxuntamente, formando unha fronte común para protexer os nosos montes.

A lei de incendios determina a obrigatoriedade de manter limpas e acondicionadas cada ano as fincas das zonas urbanas, dos núcleos rurais, os terreos urbanizables delimitados e as redes secundarias de faixas de xestión, que son aquelas que están a 50 metros ao redor destes ámbitos. Uns traballos que deben ser acometidos por parte dos propietarios.

Neste senso, penso que é preciso levar a cabo unha revisión da norma, para facela máis áxil e operativa para os cidadáns, pero sobre todo para as Administracións.

Para os Concellos resulta moitas veces imposible dar cumprimento a esta lei, porque non dispoñemos nin dos medios nin do persoal suficiente para comunicar aos donos a obriga de xestionar a biomasa; e tamén nos atopamos con moitos problemas para identificar as parcelas que non están debidamente actualizadas; polo que, en moitos casos, pola complexa burocracia, eses labores quedan sen facer co corresponde risco que iso leva consigo.

Resulta fundamental facer un traballo de fondo para concienciar aos cidadáns das súas responsabilidades, incidindo na necesidade de realizar tarefas preventivas, como as de limpeza, principalmente en zonas próximas ás vivendas.

Tamén estamos todos de acordo en que hai que buscar o rendemento produtivo da nosa terra, aproveitala, para que produza riqueza. Porque unha xestión responsable pode ser o acicate que contribúa ademais a revitalizar o noso rural.

Non debemos demonizar ningunha especie, porque non hai dúbida de que o monte arde porque alguén lle planta lume; pero si que resulta primordial respectar a normativa en materia de plantación de árbores, nomeadamente daquelas de crecemento rápido.

Porque unha adecuada xestión da súa ubicación, densidade ou manexo, fai compatible a súa explotación coa doutras masas arboradas autóctonas e produtivas; podendo converterse estas

últimas en opcións moi favorables ademais para o asentamento de nova poboación no rural.

Neste senso, en materia de política forestal, é fundamental a implicación de todos os actores, Administracións (Xunta, Deputacións e Concellos) e cidadáns; para, entre todos, artellar os mecanismos que salvagarden os nosos bosques.

A Xunta de Galicia está a dar xa pasos nesa liña coa presentación do seu plan de choque para combater os incendios. Trinta medidas entre as que destacan a colaboración da Administración Autonómica e os Concellos para financiar a limpeza dos montes; facilidades para actuar nas parcelas de titular descoñecido, redución do papeleo para autorizar as talas, a incorporación cautelara ao Banco de Terras dos montes veciñais en man común abandonados ou a mobilización das terras abandonadas para polígonos agrarios.

Son, dende logo, boas iniciativas, que non poden quedar en papel mollado. A tempada de risco alto de incendios xa se deu por rematada pero non podemos nin debemos baixar a garda. Porque a prevención é o mellor escudo para defender os nosos montes.

Alfonso Villares

Vicepresidente primeiro da Fegamp
e alcalde de Cervo



“Céntimo sanitario”

18 millóns de euros máis para os concellos e deputacións galegas grazas á Fegamp

O pasado mes de xullo os 313 concellos e as 4 deputacións de Galicia recibiron en conxunto a devolución en conta de máis de 5 millóns de euros do denominado “céntimo Sanitario” correspondente a Liquidación do PIE 2014. O motivo da devolución foi un requirimento que fixo a Fegamp en 2016, que tras analizar os datos aportados polo Estado sobre a mencionada liquidación, se atopou un erro no concepto “Céntimo Sanitario”. Este desaxuste corrixido polo Estado deixará 18 millóns de euros de financiamento extra para ás entidades locais galegas sumando as cantidades correspondentes á liquidación do PIE 2014 (5 millóns de euros), 2015 (10,5 millóns de euros) e 2016 (3 millóns de euros).

A devolución de máis de 18 millóns de euros as entidades locais galegas é consecuencia dunha reclamación da Fegamp ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. O requirimento foi feito en 2016 tras realizar unha análise dos datos que deron lugar á liquidación definitiva da Participación nos Ingresos do Estado (PIE) do ano 2014. Nese momento observouse que para o cálculo da participación das entidades locais detraíase o concepto “Devolución de ingresos IVMDH. Sent TJ UE C-82/12” correspondente ao Imposto sobre Ventas Minoristas de Determinados Hidrocarburos (IVMDH), máis coñecido coma Céntimo Sanitario, e que foi creado en 2001 como un imposto estatal cedido integramente ás comunidades autónomas para cubrir gastos en materia de sanidade.

Grazas a esta reclamación realizada pola Fegamp, en colaboración co Cabildo de Fuerteventura e a FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias), os concellos e Deputacións de Galicia percibiron este verán (en concreto no mes de xullo de 2017), o ingreso en conta de máis de 5 millóns de euros de financiamento extra, pola devolución do céntimo sanitario. A esa cantidade, que foi entregada en conta ás entidades locais galegas, hai que sumarlle o percibido no PIE de 2015, outros 10,5 millóns, que xa foron integrados na liquidación correspondente. Estímase tamén, que no ano 2018 as entidades locais galegas ingresarán máis de 3 millóns de euros extra nos seus presupostos, correspondentes á liquidación do PIE de 2016. En total, e grazas á reclamación feita pola Fegamp, un total de 18 millóns de euros de financiamento extra volveron aos concellos e deputacións de Galicia.

O Estado polo tanto recoñeceu na súa resposta ao requirimento que debía de compartirse o razoamento efectuado e explicou tamén que a corrección se aplicaríase para todos os entes locais españois en xeral, non só para os que presentaran demanda. Neste senso, cabe destacar que, se non se houbera detectado o desaxuste cometido polo Estado a cantidade total que se houbera deixado de abonar as EE.LL. españolas serían dun total estimado de 283,5 millóns de euros, sumando as liquidacións de 2014, 2015 e 2016.

A Fegamp dá por resolto o problema de financiamento dos Centros de Saúde do Grupo 1

O financiamento dos 143 centros de saúde do grupo 1 (cuxo edificio está dedicado integramente ao fin sanitario) queda resolto cunha partida de máis de 4 millóns de euros do Fondo Adicional que se xestiona dentro do Fondo de Cooperación Local (FCL). O diñeiro restante, ata chegar aos 5.500.000 euros de gastos totais estimados destes centros, correrá a cargo dos orzamentos da Consellería de Sanidade.

O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, Alfredo García, acompañado dos Voceiros da Fegamp —o alcalde de Cervo, Alfonso Villares, o rexedor de Carballo, Evencio Ferrero, o alcalde de Oroso, Manuel Mirás, e o alcalde de Sada, Benito Portela—, acudían á Subcomisión permanente de Réxime Económico e Financeiro á que asistiron o Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o Conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, o Director Xeral de Planificación e Orzamentos, Miguel Corgos, e a Directora Xeral da Administración Local, Marta Fernández-Tapias, en reunión previa a aprobación dos orzamentos na cámara.

Nesta Comisión informouse da dotación prevista no Anteproxecto da Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o Fondo de Cooperación Local (FCL) correspondente ao ano 2018, que estará en torno aos **124,3 millóns de euros**, dos que **119,3 millóns** corresponden á entrega a conta para o ano 2018 e **5 millóns de euros** á liquidación definitiva do ano 2016.

Na Comisión debateuse sobre os criterios de reparto do FCL e informouse das contías do mesmo. O fondo base dotado

con 112,3 millóns de Euros, manterá os mesmos criterios que en anos anteriores; o Fondo Adicional do FCL, que ascende a 6,3 millóns de euros netos, distribuirase entre os concellos atendendo para 2018 a tres piares base:

- Habilitase unha partida de 1,7 millóns de euros para comarcalización de Parques de Bombeiros das 7 cidades que beneficiará a 64 concellos
- Máis de 4 millóns de Euros para pagar os gastos de mantemento dos centros de saúde en 2018
- 145.000 euros para os concellos con Centros Penitenciarios (os criterios de reparto están aínda por estipular)

No caso dos centros de saúde a Fegamp dá practicamente por resolto un tema que viña preocupando en grande medida ao municipalismo galego ao contar cunha partida de máis de 4 millóns de euros para cubrir os custos de mantemento dos 143 centros de saúde do grupo 1 (cuxo edificio está dedicado integramente ao fin sanitario), que se fará efectiva en conta para os concellos en 2018. Os gastos totais destes centro se valoraron

en torno aos 5.500.000 euros polo que a Xunta poñerá o resto ata chegar a esta cantidade. Na reunión tamén se asumiu o compromiso de firmar acordo ao longo de 2018 para que en 2019 xa estea resolto de forma definitiva o tema do financiamento destes centros sendo asumida a súa xestión total ou parcial pola Xunta. Na reunión tamén se adquiriu compromiso para asumir os gastos en 2019 dos 40 centros de saúde do grupo 2 (en edificio compartido) que estaban pendentes de asumir; neste caso con cargo dos gastos integramente á consellería de Sanidade. Un último acordo se desprende desta reunión foi o compromiso de firmar ao longo de 2018 un convenio para garantir o financiamento dos conservatorios municipais con efectos económicos en 2019.

A Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro é un órgano integrado dentro do seo da Comisión Galega de Cooperación Local e ten entre outras funcións informar dos criterios para a distribución do Fondo de Cooperación Local. Está composta de xeito paritario por representantes da Xunta de Galicia e das Entidades Locais.



O informe do Comité de Expertos de Madrid ratifica o uso do Criterio de dispersión xeográfica no reparto da PIE

Comisión de Facendas locais da Fegamp

> CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

Nos criterios de reparto dos fondos estatais rexéitase o emprego de variables —como a dispersión— que midan o custo dos servizos que teñen que desenvolver ás entidades locais, salvo no aspecto poboacional. Pero **a é un factor que incide directamente no custo dos servizos**, e singularmente naqueles que a Lei obriga aos concellos a prestar coma o mantemento de estradas, o alumeadado público, a prestación dos servizos de recollida de lixo e auga, a atención á dependencia, etc, que obviamente resultan máis caros nun contexto territorial tan disperso e complexo xeograficamente como é o galego. O peso que **este criterio ten na comunidade galega é moi significativo xa que Galicia**

conta coa metade do total de Entidades Singulares que hai en España.

Por isto, a **Comisión de Análise das Facendas Locais da Fegamp** aprobou unha medida na que se pide expresamente que na fórmula de reparto da Participación nos Ingresos do Estado dos concellos se teña en conta aspectos demográficos e territoriais que inciden no custo que os concellos asumen. E o que é aínda máis importante, esta petición ratificouse recentemente na **Comisión de Expertos creada en Madrid polo Consello de Ministros xunto coa FEMP**, onde se aprobou un documento no que expresamente avala as teses defendidas historicamente polos concellos galegos.

11

> AXENDA FEGAMP

Cavilemos para crear emprego

Prezo do solo, prezo da enerxía, custes de man de obra, seguridade xurídica, transporte de mercadorías, procedemento administrativo, son algúns dos factores que se teñen moi presentes para optar por unha ubicación ou outra por parte de calquera iniciativa empresarial, avaliando o seu nicho de mercado e como último considerando a complicidade municipal coa súa implantación e promoción. Non é posible competir cando existen na actualidade informes sectoriais e de diversos organismos (autonómicos) que se demoran en exceso, é moi difícil competir sen unha rede de ferrocarril que permita unha rápida conexión con portos e aeroportos, segue sendo moi complexo competir cando existe unha ampla complexidade na tramitación que en nada favorece a axilidade das decisións para aqueles proxectos que carezan de incidencia ambiental.

Este era o punto de arrincada e agora mesmo os papeis aínda están quentes. Hai nada tense asinado un protocolo de actuación entre a Xunta e FEGAMP para fomentar a fixación de empresas en Galiza mediante a iniciativa “concellos doing business”.

Algún técnico municipal ten afirmado, á vista do documento, que algúns dos seus apartados incumpren, frontalmente, o principio de reserva da Lei Xeral Tributaria porque afirman que os concellos carecemos de competencias para aprobar determinados supostos de non suxeción recollidos no protocolo, motivo este polo que informarían negativamente, segundo afirman por ilegalidade manifesta, a posibilidade de suscribir un convenio que non estivese amparado pola normativa tributaria vixente. Así escrito con toda a crueza e todas as letras: ilegalidade manifesta, sen entrar en ningunha outra consideración; nin política, nin de oportunidade.

Nada obxetaron, en principio, ao contido do protocolo no referido as bonificacións nos impostos que si figuran neses papeis que aínda seguen quentes cando algúns concellos xa deron apurados pasos para formar parte de esa rede para crear emprego e, parece ser, sen reparos dos servizos económicos nen/ou administrativos.

Sabemos que a administración é lenta, que ten un amplo recorrido por facer antes de poñer un punto final. Que precisa pouso

e engraxe para que todo funcione. Mais tamén precisa que se cavilen as consecuencias antes de coller un camiño que se pode converter en pedregoso vieiro.

Que acontece en casos como os que estamos a contar? O prudente, o aconsellable, será unha relectura do protocolo para que se adapte en todas e cada unha das súas condicionantes a poder superar reparos e vicios de nulidade e que non naza con criterios que favorezan a algúns. Argado que quen promoveu a iniciativa tamén teña algunha cavilación.

Evencio Ferrero

Vicepresidente segundo da Fegamp e alcalde de Carballo



Ingresos municipais e factores de xestión (II)

Andrés Núñez
Técnico da Fegamp

A desagregación dos datos por comarcas amosa un mapa municipal moi diverso no reparto dos ingresos locais. Distintos factores de xestión inciden de forma determinante na maior ou menor capacidade recadatoria dos concellos a través dos impostos locais, máis aló da autonomía da que dispoñen os propios municipios na súa xestión. Os datos reflicten a incidencia de primar o maior volume de poboación na

Participación nos Ingresos do Estado dos concellos e o efecto de utilizar a dispersión no Fondo de Cooperación Local galego.


Neste informe analizaremos a desagregación por comarcas dos ingresos dos municipios provenientes dos impostos locais e participación nos ingresos doutras administracións (Estado e Comunidade Autónoma), poñéndoos en relación con diversos factores de xestión.

Os criterios económicos e tributarios seleccionados foron as bases impositivas por habitante de IBI rústico e urbano, o valor medio dos inmobles urbanos en cada comarca e o Produto Interior Bruto (PIB), mentres que no caso dos variables demográficas e territoriais tivéronse en conta a poboación, o número de entidades singulares por habitante, a densidade e a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos de cada comarca.

INGRESOS MUNICIPAIS IMPOSTOS LOCAIS E PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DE ESTADO E CCAA (*)

(Euros por habitante)

- Máis de 550 € por habitante
- Entre 500 e 550 € por habitante
- Menos de 500 € por habitante



(*) Ademais da incidencia da maioría das grandes cidades nas súas respectivas comarcas, os datos per cápita dalgunhas outras son moi variables polo poder recadatorio en concepto de impostos locais de determinados concellos de cada área, que superan os 1.000 € por habitante e que determinan de forma directa a media da comarca. Son os casos de As Pontes (Eume), Muras (Terra Cha), Nequeira de Muñiz (A Fonsagrada), Ourense e Xove (Mariña Occidental), Chandrexa de Queixa e Manzaneda (Trives), Parada de Sil e A Teixeira (Terras de Caldelas), A Veiga (Valdeorras) e Vilarinho de Conso (Viana).



IBI URBANO

- > O ingreso total está en torno aos **500 millóns de euros** nos concellos galegos e supón o **61%** do total recadado en concepto de impostos locais.
- > Destaca a gran variabilidade das bases impositivas das comarcas sobre as que os concellos aplican o tipo impositivo, que van dende os 13.000 aos 50.000 euros por habitante e dende os 7.000 aos 60.500 € por inmovible, feito que é determinante na maior ou menor capacidade recadatoria de cada concello.
- > As diferenzas extremas entre as bases impositivas producen que a percepción por habitante nas distintas comarcas estea nun intervalo de 75 a 280 € por habitante.
- > Cabe destacar que tan só 1 comarca supera o valor medio por inmovible estatal.

RECADACIÓN IBI URBANO ESTADO	278,7
RECADACIÓN IBI URBANO GALICIA	182,2
DIFERENCIAL	-96,5

€/Hab



IMPOSTO VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

- > O ingreso total está en torno aos **130 millóns de euros**, o **16%** do total recadado en concepto de impostos locais polos concellos galegos
- > As tarifas neste imposto son iguais para todos os concellos, o que produce diferenzas moitos menores de recadación en termos per-cápita respecto ao IBI.
- > A percepción por habitante nas distintas comarcas está nun intervalo que vai de 32 a 57 € por habitante. Ademais do coeficiente aplicado por cada concello, inflúen tamén o número de vehículos por habitante e a tipoloxía de cada vehículo, con tarifas diferenciadas.

RECADACIÓN IVTM ESTADO	50,2
RECADACIÓN IVTM GALICIA	46,9
DIFERENCIAL	-3,3

€/Hab



IMPOSTO ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

- > O ingreso total está en torno aos **80 millóns de euros** nos concellos galegos. Supón o **9,9%** do total recadado en concepto de impostos locais.
- > Trala reforma do Imposto no ano 2002, destacan as diverxencias que se producen neste tributo. Concellos de determinadas comarcas lideran a percepción per cápita por este imposto, favorecidos polas súas características económicas específicas.
- > Resultado disto, a percepción por habitante nas distintas comarcas está nun intervalo que vai dende os 6 aos 149 € por habitante, cunha relación directa entre o PIB municipal e a capacidade recadatoria de cada concello.

RECADACIÓN IAE ESTADO	32,5
RECADACIÓN IAE GALICIA	29,2
DIFERENCIAL	-3,3

€/Hab



IMPOSTO PLUSVALÍA (IITNU)

- > O ingreso total está en torno aos **41,4 millóns de euros** nos concellos galegos, o **5,1%** do total recadado en concepto de impostos locais.
- > Tan só o 35% dos concellos galegos aplican este imposto. O 70% da recadación corresponde ás 7 grandes cidades galegas.
- > A recadación é nula en 14 comarcas e o importe máximo recadado nunha comarca sitúase nos 47 euros por habitante.
- > O diferencial de Galicia cō Estado é notable en termos per cápita

RECADACIÓN IITNU ESTADO	57,4
RECADACIÓN IITNU GALICIA	15,2
DIFERENCIAL	-42,2

€/Hab



IMPOSTO BENS CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS (BICES)

- > O ingreso total está en torno aos **30 millóns de euros** nos concellos galegos, un **3,75%** do total recadado en concepto de impostos locais.
- > Ao estar ligado aos Bens de Características Especiais (centrais de produción de electricidade e gas, parques eólicos, saltos de auga, encoros entre outros), e a diferenza doutros tributos, a maior recadación sitúase nos concellos menores de 20.000 habitantes galegos, que perciben o 62% do importe.
- > O imposto está concentrado en concellos específicos como no caso do IAE. En 5 comarcas supéranse os 50 € por habitante, e en dous delas a cifra está preto dos 200 euros per cápita.
- > A media galega sitúase levemente por enriba da estatal.

RECADACIÓN BICES ESTADO	9,4
RECADACIÓN BICES GALICIA	11,1
DIFERENCIAL	1,7

€/Hab



IMPOSTO CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)

- > O ingreso total está en torno aos **19,5 millóns de euros**, o **2,4%** do total recadado en concepto de impostos locais.
- > A distribución per cápita deste imposto cambiou notablemente nos últimos anos. Ata o 2008 tiña un gran poder económico en moitos concellos situados ao carón das grandes cidades, mentres que nos últimos anos as máximas recadacións por habitante se sitúan noutra tipoloxía de concellos.
- > É destacable que este imposto pasou de estar por enriba dos 50 € por habitante hai 10 anos a situarse en pouco máis de 7 na actualidade.

RECADACIÓN ICIO ESTADO	12,4
RECADACIÓN ICIO GALICIA	7,2
DIFERENCIAL	-5,2

€/Hab

RADIOGRAFIA INGRESOS MUNICIPAIS E FACTORES DE XESTIÓN



IBI RÚSTICO

- > O ingreso total está en torno aos **12 millóns de euros** nos concellos galegos, o **1,5%** do total recadado en concepto de impostos locais.
- > Agrégase o criterio da base impositiva do IBI Rústico por habitante, para observar que a pesares de que este imposto ten máis poder recadatorio nos pequenos concellos, a súa capacidade de xerar ingresos é moi pequena, tendo en conta tamén as súas específicas dificultades de xestión, o que fai que a nivel xeral tributario sexa certamente irrelevante.

RECADACIÓN IBI RÚSTICO ESTADO	7,4
RECADACIÓN IBI RÚSTICO GALICIA	4,5
DIFERENCIAL	-2,9

€/Hab



PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO (PIE)

- > O ingreso total está en torno aos **600 millóns de euros** nos concellos galegos.
- > O diferencial negativo respecto á media estatal situouse no 2015 nos 53 € por habitante, o que supón unha perda en termos per cápita de **144 Millóns de Euros** para os concellos galegos.
- > Os municipios máis favorecidos polo reparto son os que teñen maior número de habitantes, aínda que tamén ten especial relevancia nos concellos menores de 50.000 habitantes o esforzo fiscal e a menor capacidade tributaria cuantificada a través das bases impositivas do IBI urbano.

RECADACIÓN PIE ESTADO	273,4
RECADACIÓN PIE GALICIA	220,4
DIFERENCIAL	-53

€/Hab



PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALICIA (FCL)

- > O ingreso total do Fondo base do FCL para os concellos galego suma **112,3 millóns de euros**.
- > Neste caso, a introdución de criterios como a extensión e as entidades singulares de poboación favorece a aqueles concellos que teñen unha maior dispersión.

RECADACIÓN FCL GALICIA	41,1
------------------------	------

€/Hab

FACTORES DE XESTIÓN POR COMARCAS

COMARCAS		RECADACIÓN POR HABITANTE IMPOSTOS LOCAIS E PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DOUTRAS ADMINISTRACIÓN							
PROVINCIAS	COMARCAS	Nº Concellos Comarca	Poboación 2016	Media poboación por concello	Mediana poboación por concello	Impostos por habitante	Pie por habitante	FCL por habitante	TOTAL Impostos PIE e FCL por Habitante
A Coruña	A Barcala	2	10.556	5.278	5.317	199,8	184,8	56,9	441,4
A Coruña	A Coruña	9	397.520	44.169	24.076	366,2	254,4	28,8	649,4
A Coruña	Arzúa	4	16.678	4.170	4.242	221,7	181,9	64,9	468,5
A Coruña	Barbanza	4	66.940	16.735	15.168	252,3	195,5	35,7	483,5
A Coruña	Bergantiños	7	67.890	9.699	5.789	259,7	200,0	45,3	505,0
A Coruña	Betanzos	10	38.079	3.808	2.232	241,9	190,3	57,4	489,6
A Coruña	Eume	5	25.000	5.000	3.299	532,8	183,9	52,9	769,5
A Coruña	Ferrol	11	156.159	14.196	5.743	339,0	220,0	32,6	591,6
A Coruña	Fisterra	5	22.000	4.400	4.775	238,3	192,4	54,7	485,5
A Coruña	Muros	2	13.004	6.502	6.622	229,8	191,7	48,7	470,2
A Coruña	Noia	4	33.758	8.440	8.064	213,7	204,3	44,0	461,9
A Coruña	O Sar	3	16.091	5.364	4.710	191,6	182,2	49,6	423,4
A Coruña	Ordes	7	36.960	5.280	3.591	262,7	207,6	53,0	523,3
A Coruña	Ortegal	4	12.776	3.194	2.811	284,7	183,8	77,9	546,5
A Coruña	Santiago	7	165.887	23.698	7.564	353,3	231,7	36,5	621,5
A Coruña	Terra de Soneira	3	17.620	5.873	5.577	254,2	195,8	53,8	503,7
A Coruña	Terras de Melide	4	12.238	3.060	1.810	325,4	190,2	66,0	581,6
A Coruña	Xallas	2	13.643	6.822	6.904	271,2	195,4	57,9	524,5
Lugo	A Fonsagrada	3	5.316	1.772	1.380	207,1	201,1	132,7	540,9
Lugo	A Mariña Central	6	29.373	4.896	3.089	293,8	186,9	50,5	531,2
Lugo	A Mariña Occidental	5	26.122	5.224	3.424	496,4	189,9	51,4	737,7
Lugo	A Mariña Oriental	4	16.477	4.119	2.746	308,8	203,9	59,2	572,0
Lugo	A Ulloa	3	9.375	3.125	3.588	229,5	186,5	73,7	489,6
Lugo	Chantada	3	13.639	4.546	3.032	287,7	205,9	61,7	555,4
Lugo	Lugo	8	119.394	14.924	3.264	336,7	226,4	37,2	600,2
Lugo	Meira	4	5.335	1.334	1.548	242,6	205,6	112,0	560,2
Lugo	Os Ancares	6	10.474	1.746	1.349	180,9	204,8	120,4	506,2
Lugo	Quiroga	3	5.406	1.802	1.089	319,9	202,8	123,7	646,4
Lugo	Sarria	7	23.194	3.313	1.777	227,2	191,2	68,4	486,9
Lugo	Terra Chá	9	41.290	4.588	3.274	277,6	201,8	70,5	549,9
Lugo	Terra de Lemos	6	31.132	5.189	2.537	278,9	189,8	59,6	528,3
Ourense	A Limia	11	21.111	1.919	1.283	281,8	193,0	87,1	562,0
Ourense	Allariz-Maceda	6	14.268	2.378	1.578	269,1	186,9	81,4	537,4
Ourense	Baixa Limia	5	7.126	1.425	1.622	196,8	192,9	124,1	513,9
Ourense	O Carballiño	9	27.108	3.012	1.600	197,9	195,2	70,6	463,7
Ourense	O Ribeiro	10	16.547	1.655	1.347	288,6	190,6	94,6	573,8
Ourense	Ourense	12	144.372	12.031	2.336	412,5	254,6	32,9	700,0
Ourense	Terra de Caldelas	4	3.064	766	706	348,5	207,3	193,1	748,8
Ourense	Terra de Celanova	10	17.960	1.796	1.473	176,2	204,4	95,3	475,9
Ourense	Terra de Trives	4	4.227	1.057	788	343,6	232,0	162,2	737,8
Ourense	Valdeorras	9	26.531	2.948	1.473	252,9	195,5	69,8	518,2
Ourense	Verín	8	26.556	3.320	1.930	223,8	199,0	68,5	491,3
Ourense	Viana	4	5.983	1.496	1.251	428,6	225,3	136,6	790,5
Pontevedra	A Paradanta	4	12.663	3.166	2.732	230,1	178,5	69,4	478,1
Pontevedra	Caldas	7	34.456	4.922	4.358	199,4	181,6	44,8	425,8
Pontevedra	Deza	6	40.471	6.745	4.128	255,8	198,2	62,1	516,2
Pontevedra	O Baixo Miño	5	49.998	10.000	10.193	192,1	196,7	35,8	424,6
Pontevedra	O Condado	5	41.828	8.366	4.665	211,4	197,9	41,6	450,9
Pontevedra	O Morrazo	4	83.109	20.777	22.288	196,1	208,7	28,9	433,7
Pontevedra	O Salnés	9	109.937	12.215	10.422	292,3	200,7	35,9	528,8
Pontevedra	Pontevedra	8	123.583	15.448	4.936	286,8	214,7	31,7	533,2
Pontevedra	Tabeirós-Terra de Montes	3	26.293	8.764	3.683	213,7	205,8	57,9	477,3
Pontevedra	Vigo	11	422.008	38.364	14.056	332,4	245,9	24,4	602,6
Galicia		314	2.718.525	8.658	3.071	296,23	220,40	41,13	557,6
Estado		8.125	46.557.008	5.730	540	448,03	273,40	(**)	
Diferencial Galicia-Estado									

ECONÓMICOS E TRIBUTARIOS


DEMOGRÁFICOS E TERRITORIAIS

Base Liquidable Ibi Rústico por habitante	Base Liquidable Ibi Urbano por habitante	Media Valor Catastral por Inmueble	PIB por Habitante	Entidades Singulares de poboación por Habitante	Densidade	% Poboación maior 65 anos
853,21	26.965,58	20.614,47	12.837	55	49,5	29,32%
598,17	36.834,40	54.263,52	28.702	481	846,5	21,34%
5.881,63	21.842,23	27.572,59	14.657	29	34,4	30,06%
1.978,88	35.021,52	36.102,79	16.380	172	271,3	21,05%
2.034,55	31.369,41	30.829,45	13.119	66	91,3	25,95%
2.572,71	31.171,93	29.899,65	15.666	39	63,0	28,57%
1.248,37	26.135,01	30.285,61	35.392	37	46,4	25,01%
740,39	33.874,23	42.593,21	17.336	118	250,5	25,42%
1.362,75	26.652,75	22.295,18	17.979	87	64,7	26,84%
2.823,62	25.924,42	19.851,26	11.251	115	90,4	31,89%
1.698,20	23.267,51	26.851,44	13.405	70	103,8	27,20%
2.763,29	25.902,31	23.771,08	18.605	76	90,8	25,86%
3.085,28	22.146,41	31.968,90	21.014	51	48,9	25,63%
1.679,37	25.977,60	19.358,13	14.456	22	32,6	35,97%
1.209,78	48.079,18	60.761,30	24.067	175	240,8	18,67%
1.293,37	23.474,39	30.595,38	13.218	76	47,3	30,49%
1.433,84	29.215,34	26.355,92	15.099	23	33,3	30,59%
831,04	26.576,33	23.289,90	16.834	59	34,9	30,76%
2.141,38	12.801,55	12.076,83	14.337	12	7,8	40,58%
1.643,52	40.930,20	31.039,04	18.418	50	58,6	25,19%
882,90	33.568,22	22.760,89	29.958	35	52,8	26,46%
1.689,36	26.042,78	20.518,20	16.863	40	41,2	28,56%
2.385,22	26.095,51	21.652,90	18.055	18	22,4	36,55%
2.975,93	25.388,51	23.963,72	22.052	21	29,5	35,25%
1.128,46	30.925,11	34.255,93	21.709	89	87,6	22,86%
2.727,56	14.689,77	14.351,29	20.461	21	17,1	36,91%
2.121,47	15.307,40	14.170,49	13.390	19	10,0	40,26%
8.821,73	34.014,15	12.487,42	18.164	26	9,3	40,68%
1.896,32	24.800,95	20.740,60	18.145	25	27,7	31,81%
2.513,88	19.045,41	21.285,92	19.593	20	22,6	32,96%
1.125,94	25.958,07	23.893,37	14.055	30	33,1	35,11%
4.788,29	31.274,66	15.802,22	14.655	84	26,3	36,51%
996,82	26.318,95	11.419,82	13.089	49	37,3	34,13%
722,90	15.933,19	10.686,57	12.080	43	13,4	44,91%
238,22	21.267,08	16.355,04	13.583	45	49,1	34,81%
1.603,85	23.973,95	11.968,52	14.205	62	40,7	37,91%
812,73	50.187,18	40.652,20	22.009	201	231,7	24,89%
2.622,41	18.844,95	7.690,81	17.872	12	9,8	46,15%
607,56	16.735,61	13.306,72	12.212	31	35,3	42,64%
1.780,59	21.744,48	10.923,09	27.302	29	9,8	41,00%
380,69	21.699,69	15.059,24	21.474	159	27,4	27,73%
468,15	24.966,84	17.135,33	12.599	157	26,4	32,74%
1.038,03	14.727,45	9.982,20	19.971	63	8,0	39,01%
2.252,61	31.661,03	14.211,60	10.556	20	38,0	34,39%
642,55	22.805,88	24.472,18	12.317	91	119,4	23,13%
960,43	30.524,02	26.519,97	16.955	38	39,4	28,42%
1.497,81	21.634,64	26.537,73	12.743	124	154,9	20,90%
1.877,31	28.365,93	25.610,53	11.363	61	122,7	20,76%
461,65	21.242,66	30.597,06	13.393	378	590,7	19,34%
1.055,79	35.858,22	38.851,52	16.233	198	399,8	20,60%
476,36	30.026,00	27.895,47	18.781	175	198,0	20,51%
796,35	27.805,21	26.952,87	12.641	43	49,7	29,52%
44,01	25.051,78	36.087,50	22.519	423	688,0	19,97%
1.037,81	31.346,74	33.424,90	20.077	90	92,4	23,98%
1.128,44	44.593,31	59.626,19	22.780	756	92,1	18,50%
-91	-13.247	-26.201	-2.703	-665	0,3	5,48%

- Indicador desfavorable
- Indicador intermedio
- Indicador favorable

(*) Os datos son o resultado da agregación dos indicadores dos concellos de cada Comarca.
 (**) No caso do FCL non se efectúa comparativa estatal e galega dado que a participación nos ingresos da comunidade autónoma non está establecida en todas as CCAA.

Fonte: Dirección General Catastro. Instituto Galego de Estatística. Elaboración propia



fegamp

www.fegamp.gal

25X

Est

Memoria do Día de Galicia

**Galicia é unha
cidade única chea
de pequenos barrios**

A Galicia temos que mirala dende dentro para entender todas as súas arestas e dende a Federación Galega de Municipios e Provincias, a casa de todos os concellos do país, pódese ver máis claramente todas as súas sinuosas formas. Formas que van dende as montañas máis altas, ata as terras chás; e xentes que teñen unha identidade brillante que festexar.

Galicia son as súas comarcas e parroquias e os 313 concellos que foron capaces de encher os seus espazos de cultura, de tradición e de sentimento pola terra galega. En torno a estas pequenas comunidades sociais con base territorial, aí, nos concellos, é onde os galegos e galegas van forxando os seus pasos. Aí é onde aprenden a ser galegas e galegos e tamén onde comezan a coñecer a historia e a querer a esta terra que os viu nacer. O 25 de xullo é un día para recordar e celebrar a paixón por Galicia.

Pero a Galicia non só a queren os e as galegas. Tamén están os que admiran a Galicia cando a visitan. Xentes que quedan abraiadadas coa beleza desta terra meiga. Admiran os seus vales e os seus regatos, camiñan polos camiños da súa historia ou préndense cos ollos vivos nas foliadas. Como a poeta estadounidense que nunca escribiu na súa lingua pero si escribiu: "Á lingua galega: marmurio, / movemento de prata, / o vento errante / zoa no luar. / voz fuxitiva / nun río perdido / chorando / camiño do mar". Esta poeta, Anne Marie Morris, elixiu o galego como linguaxe poética, ou como ela dicía, o galego elixiuna a ela.

Tamén moitas veces, o propio desexo ou a visita do destino, fan que algunhas persoas rematen vivindo en Galicia toda a súa vida e queréndolle tanto a esta terra coma un cativo á súa aldea: co corazón entregado. Reflexionaba Abdoulaye Bilal, un senegalés vivindo na Arousa: *a miña lingua é con quen me esperto, no entorno presente cambiante*. E estaremos de acordo en que ás veces xa son tan de aquí os que naceron



en Galicia, como os que viñeron e decidiron querer a esta terra e non deixala atrás endexamais.

Pero tampouco podemos esquecernos dos e das galegas que están fora de Galicia e que tamén celebran o Día da Patria Galega. Porque o tempo e o espazo que te separa da túa terra non fai esquecer o cheiro do cocido, do botelo e do campo. Ese tempo e ese espazo para os emigrantes galegos foi grande pero aínda agora, por exemplo dende o outro lado do Atlántico, enviannos sinais (e case leccións) de amor pola terra galega. Porque *a Morriña, pois, é a Saudade en estado de conciencia; é o desexo, posible ou imposible, de recobrar o que se perdeu; é a devoción a algo que está na lonxanía do tempo ou do espazo*, dicía Castelao.

A identidade que caracteriza os galegos está cuberta de matices. E o que temos que facer é ir coñecendo o noso mellor ca ninguén: viaxar polas nosas terras, polas nosas praias, pola gastronomía; camiñar polos nosos camiños, polas nosas rúas, polos paseos de mar e río; comer nas nosas cantinas, nos nosos bares, de

romarías; beber nas nosas fontes, na nosa louza, do noso viño. E falar o noso idioma. A fala galega en si mesma e símbolo de unión, de tradición, de lembranza. *O idioma é a chave/ coa que abrimos o mundo;/ o salouco máis feble/ o pesar máis profundo. O idioma é o tempo/ é a voz dos avós/ e ese breve ronsel/ que deixaremos nós*, dicía Manuel María.

E coa identidade galega tan variada vamos recorrendo o noso pasado e forxando o noso futuro. Un futuro no que os concellos de Galicia queremos estar presentes, axudando, dando servizos, coíndando. Porque Galicia é rural ou urbana, pero ligada aos concellos, e estes temos que estar a altura das necesidades dos nosos veciños e veciñas para camiñar cara un futuro cheo de luz e nunca máis de escuridade.

Por iso é obrigado para os concellos galegos cumprir cos obxectivos marcados, pola xustiza do tempo e do espazo, para continuar a senda dos que antes estiveron loitando. Debemos animar aos nosos veciños e veciñas a coñecer os nosos recantos, a nosa cultura e os nosos cantos, para non perder nunca o que nos identifica tanto. Un pobo que non coñece as súas tradicións é un pobo sen identidade. Coincido con Manuel Rivas en que *os sonhos abren as xanelas e lámbense as feridas nas praias e nas beiras dos ríos*. Son boas claves para seguir adiante.

E no Día de Galicia, no Día da Patria Galega, a celebración de ser libres de izar o noso corazón e cantarlle a Galicia. Un día no que sentir preto de nós aos os que loitaron antes por logralo. Porque aínda que agora nos saibamos ceibes de presentarnos como galegos e de falar en galego, esta celebración tamén é para os que non puideron facelo antes. Merecido é ter un día no que poder agradecer o feito de pertencer a un pobo, despois de tanta escuridade e tanto medo por amosalo.

Está escrito que ata Lorca sabía que *Chove en Santiago na noite escura* e que a *Camelia branca do ar brilla entebrecida ao sol*, e aínda que sabemos que neste día o corazón de Galicia é Santiago de Compostela e nel están postas todas as miradas, no Día de Galicia, todos os concellos galegos programan tamén o seu particular homenaxe. Con letras galegas, feiras e festas, arte e teatro, e sobre todo co son das gaitas, claman tamén as súas voces polo patrimonio que queremos tanto. Animamos a todos os galegos e galegas a celebrar a identidade galega e a participar das actividades que os municipios teñen proxectadas.

Galicia é unha cidade única chea de pequenos barrios, e dende eles, dende os concellos, debemos celebrar o día de Galicia por todo o alto. E para entender mellor esta Galicia nosa debemos espirmos de cores políticas e vestir as cores propias: o verde da terra, e o azul do mar. Desa forma comprenderemos cal é a realidade que temos ante os nosos ollos: unha rexión que non deixa indiferente coas súas xentes. Como dicía Rosalía: *Mimosa, soave, sentida, queixosa; encanta si ríe, conmove si chora*. Unha terra chea de contrastes, de mar e area, de monte e terra, de risa e quebranto.

Adaptación ás Leis 39/2015 de Procedemento Administrativo e 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público

O pasado 2 de outubro de 2017 entraban integramente en vigor as leis 39/2015 e 40/2015 que obrigan a administración pública a dixitalizarse, e que producían coa súa implantación a derogación da Lei 30/1992.

A Administración Local tería que estar polo tanto a estas alturas xa totalmente dixitalizada pero está constrinxida, por unha banda, por unha lexislación que non permite a contratación de persoal

especializado, e pola outra, porque non se aporta o investimento necesario para levala a cabo.

Os cartos precisos para esa adaptación, como noutras tantas competencias atribuídas aos concellos, non aparecen por ningures.

Estamos ante unha empresa de difícil solución xa que a nosa é unha organización administrativa que data do ano 1979, que non conta nin con persoal formado

no ámbito dixital, nin cos equipamentos axeitados para dixitalizar os procesos, polo que non é compatible coas necesidades do eido dixital.

É vital a concienciación da clase política e dos habilitados nacionais para o cumprimento das leis. As Deputacións e os concellos galegos, na medida das súas posibilidades, están facendo un enorme esforzo para a adaptación pero aínda queda moito camiño por andar.

O foro sobre implantación da Administración Electrónica da Fegamp reúne máis de 70 responsables TIC dos concellos




O 14 de setembro na sede da Federación Galega de Municipios e Provincias tiña lugar unha xornada sobre a implantación da Administración Electrónica nos concellos galegos. A base da xornada foi o troco de opinións, de informacións, e a resolución de dúbidas sobre a implantación da Administración Electrónica na administración local galega. O foro foi moderado polo responsable TIC da Fegamp, Raúl Fernández, e pola Directora da Área de Modernización da Administración da AMTEGA, M^a José García Sixto. A AMTEGA e os representantes das deputacións explicaron o procedemento que están levando a cabo en cada ámbito de actuación en materia electrónica en colaboración cos concellos de Galicia. O interese xerado por esta xornada quedou patente na participación acadada xa que chegaron a estar representados ata 70 responsables TIC dos concellos, e tamén se contou coa presenza de alcaldes e alcaldesas interesados en poñerse ao día nesta cuestión.

Entre as conclusións que se desprenderon da xornada está “o convencemento de que se está ante un tema complexo no que os responsables TIC se atopan con problemas —tanto de índole administrativa, coma informática ou operativa— para levar a cabo este trámite que os concellos queren xestionar da forma máis operativa posible”, aseguraba Raúl Fernández. Pero na xornada sobre todo se fixo fincapé en que “ademais deses problemas puntuais e atrancos, o problema principal ao que se enfrontan os concellos é a falta de medios e de persoal pola imposibilidade dos concellos para contratar”, pero aínda así “quedou patente o interese municipal por poñer en marcha a Administración Electrónica nos concellos coa maior celeridade posible”, aseguraba o coordinador da Fegamp, Raúl Fernández. A intención da Fegamp coa organización desta xornada era a posta en común de información e a procura de solución conxuntas a problemas similares e neste senso foi un éxito.

RESGAL, a rede pública de emerxencias e seguridade de Galicia, a disposición dos concellos

Máis de 115 municipios xa contan cos servizos da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, que ofrece distintas alternativas de adhesión ás entidades locais aínda non adheridas



retegal

Galicia dispón dunha rede pública dixital de comunicacións móbiles, RESGAL, pensada de forma específica para coordinar aos distintos efectivos implicados en situacións de emerxencias que poidan xurdir no noso territorio. A Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, está a disposición de todos os concellos galegos que queiran adherirse a ela. De feito, xa son máis de 115 municipios os que contan con RESGAL, ademais da maior parte dos organismos e axentes implicados na resolución de emerxencias.

A rede, integramente galega, garante unha interconexión segura mesmo en situacións extremas ou de alta saturación grazas á tecnoloxía que emprega (tecnoloxía TETRA), a máis avanzada e recomendada neste ámbito de actuación, empregada xa noutras redes en máis de cen países.

Deste xeito, RESGAL permite integrar, por primeira vez, nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan na resolución da emerxencias. Unha rede única para facilitar unha intervención máis efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificar as tarefas de coordinación entre eles.

Vantaxes da rede

A rede, xestionada por AMTEGA a través da empresa pública Retegal, conta con servizos avanzados que a converten na referencia máis moderna de España.

Ofrece servizos de voz e datos de alta calidade, e a súa principal vantaxe é que garante en todo momento a comunicación

entre todos os organismos, evitando situacións de conxestión, saturación, colapso, etc., tan habituais nas redes de telefonía móbil convencional en situacións de grande aglomeración de persoas ou en situacións de emerxencias, permitindo intercomunicacións inmediatas entre os distintos operativos de emerxencias de Galicia, e unha coordinación moito máis áxil e efectiva en situacións nas que, pola natureza da urxencia, o tempo é un factor de máxima importancia.

Ademais, a diferenza dos sistemas convencionais, permite realizar chamadas en grupo, tanto dentro dunha mesma organización, como entre dispositivos de distintas organizacións que nun momento dado poidan estar traballando conxuntamente nunha mesma emerxencia incluso coa integración cos sistemas de telefonía fixa e móbil.

- > Tamén posibilita a xeolocalización vía GPS en tempo real da posición de todos os dispositivos de emerxencia e permite a consulta de bases de datos, a gravación de conversas e o encriptado das comunicacións, garantindo a súa confidencialidade.
- > Dispón de dúas plataformas API (produción e pre-producción) para desenvolvemento de aplicacións, facilitando ás entidades usuarias este servizo na Rede.
- > Multiplica por 5 a velocidade de transmisión de datos con respecto a redes de emerxencia convencional.

Alternativas de incorporación a RESGAL para os concellos aínda non adheridos

A Xunta de Galicia ten establecidas dúas fórmulas de integración en RESGAL para os concellos aínda non adheridos:

Opción A. Xestión autónoma da compra por parte da entidade local, que asumiría:

- > Compra de terminais homologados.
- > Mantemento, programación e xestión operativa de terminais
- > Soporte e xestión operativa interna e resolución de dúbidas relacionadas cos terminais.
- > Reparación de avarías dos terminais.

Opción B. Compra e cesión dos terminais por parte da Xunta de Galicia, e xestión de Retegal que asumiría:

- > Mantemento, programación e xestión operativa de terminais.
- > Soporte para a xestión operativa interna e resolución de dúbidas relacionadas cos terminais.
- > Xestión da reparación de avarías.
- > Esta compra está condicionada á adecuación da solicitude, existencia de orzamento suficiente e existencia de demanda consolidada.

Os concellos interesados en ampliar información sobre RESGAL, as súas vantaxes e calquera outra cuestión relativa á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, poden facelo a través do:

Tlf. 981 546 723

Enderezo electrónico: retegal@retegal.es
www.retegal.gal | www.resgal.gal



Os retos do Regulamento Xeral de Protección de Datos para as AAPP

O pasado 25 de maio de 2016 entrou en vigor o Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), aprobado polo Parlamento Europeo e o Consello coa intención de unificar os réximes dos Estados Membros sobre esta materia. O seu cumprimento será obrigatorio a partir do próximo 25 de maio de 2018, deixando así un período para que Estados, Institucións, empresas e organizacións que tratan datos, poidan adaptarse aos cambios que introduce.

A diferenza do que ocorre coas directivas, como a 95/46/CE da que emana a actual LOPD, este regulamento aplícase de forma directa sobre todos os suxeitos obrigados privados e públicos. Con todo, non deroga as normas existentes en materia de protección de datos, como a LOPD ou o regulamento que a desenvolve (RD 1720/2007), coas que convivirá en canto non contraveñan o establecido no RGPD.

O regulamento supón unha garantía adicional para os cidadáns, xa que é aplicable a empresas que, ata o momento, podían estar a manexar datos de persoas físicas de países europeos e rexerse por normativas que non ofrecían o mesmo

nivel de protección que a europea. Deste xeito, os suxeitos obrigados a cumprir o regulamento son, entre outros, os seguintes: as sociedades, os autónomos, as comunidades, as asociacións e a Administración Pública en todos os Estados membros da Unión Europea; e, se estivesen fora da Unión, os encargados do tratamento para suxeitos obrigados e aqueles, sexan encargados ou responsables, que dirixan os seus servizos cara a residentes na Unión.

Novidades

Son varias as novidades e esixencias que introduce o RGPD, buscando un maior compromiso coa protección de datos. Así, por exemplo, debe levar a cabo unha **análise de risco**, mediante a auditoría do estado en que se atopa a protección de datos a fin de establecer as políticas, protocolos e medidas a aplicar. As solucións para implantar han de ser tendo en conta o estado da técnica, o que implica que estas medidas, tanto técnicas como organizativas, sexan actuais, desprazando deste xeito ás empresas a responsabilidade na decisión para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco.

En canto ao **consentimento** para a obtención de datos de carácter persoal, ha de ser **libre, informado, específico e inequívoco**. Para entender esta nova situación, requírese que haxa unha acción positiva e que ademais sexa “verificable”, de forma que se poida probar que o afectado concedeu devandito consentimento. Deste xeito, o actual consentimento tácito deixará de ser válido. Isto tradúcese ademais nunha aplicación dos coñecidos dereitos ARCO da LOPD aos seguintes: acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade e oposición. De entre estes, dous destacan especialmente. Por unha banda, o dereito ao esquecemento, que é aquel que teñen os cidadáns para solicitar que os datos sexan suprimidos cando xa non son necesarios para o fin para o que foron reunidos, revogouse o consentimento ou cando se obtiveron de forma ilegal. Por outra, o dereito á portabilidade, que permite ao interesado requirir recobrar os seus datos electrónicos nun formato que permita o seu traslado a outro responsable.

En canto aos contratos de Encargados do Tratamento, terán que ser actualizados para constar por escrito, detallando,

entre outros, as instrucións do responsable ao encargado no relativo ás medidas de seguridade, a confidencialidade ou o destino dos datos unha vez finalizada a prestación do servizo.

Outra das novidades é a **obligatoriedade da comunicación dos fallos de seguridade** á Axencia Española de Protección de Datos nun prazo de 72 horas. O responsable do tratamento debe contar cun sistema efectivo para esta comunicación ou para notificalo aos afectados se existe algún risco para os seus dereitos.

Introdúcese unha figura esencial, a do **delegado de Protección de Datos (DPD)**, que asume novas e cualificadas competencias en materia de coordinación e control do cumprimento da normativa de protección de datos, como son a identificación de riscos e a procura de solucións para liquidalos. As empresas deberán contar con este delegado, interno ou externo, outorgarlle total independencia e achegarlle as ferramentas que necesite cando as solicite.

O DPD será designado “atendendo ás súas calidades profesionais e, en particular, aos seus coñecementos especializados do Dereito e a práctica en materia de protección de datos e á súa capacidade para desempeñar as funcións” indicadas no RGPD.

Avánzase un paso máis para reforzar a responsabilidade proactiva no cumprimento normativo, o que se coñece como *accountability*. Para iso, establécese a privacidade tanto desde o deseño como por defecto, co fin de que se garanta o cumprimento con carácter previo ao tratamento de datos e durante o devandito tratamento. Do mesmo xeito propónse como mecanismos efectivos de verificación do cumprimento, a adhesión a códigos de conduta ou a mecanismos de certificación.

Por último, o RGPD establece **multas administrativas** que poden chegar aos 20 millóns de euros ou o 4 % da facturación global anual, optándose pola de maior contía.

AAPP

En canto ás Administracións Públicas, estas actúan como responsables e encargadas de tratamentos de datos persoais no desenvolvemento de moitas das súas actividades. Consecuentemente, vanse ver afectadas polas previsións do novo Regulamento. En moitos casos, os efectos serán os mesmos que para calquera outro responsable ou encargado. Nalgunhas áreas, con todo, existen especificidades para o sector público.

O RGPD prevé que todas as “autoridades ou organismos públicos” nomearán un DPD. Tamén establece cales haberán de ser os criterios para a súa designación, a súa posición na organización e as súas funcións. Prevé, igualmente, que no caso das autoridades ou organismos públicos poidan nomearse un único DPD para varios deles, tendo en conta o seu tamaño e estrutura organizativa. En consecuencia, como medida previa deben identificarse as unidades en que se integrar o DPD dentro de cada órgano ou organismo, a súa posición na estrutura administrativa e os mecanismos para asegurar que os DPD designados reúnen os requisitos de cualificación e competencia

establecidos polo RGPD. A designación do DPD debe comunicarse ás autoridades de protección de datos. Así mesmo, deben establecerse mecanismos para que os interesados poidan contactar co DPD.

O portal web da Axencia (<http://www.agpd.es>) publica unha serie de documentos analizando o impacto para as administracións públicas baixo o apartado "Regulamento Europeo de Protección de Datos".



Conclusión

A nova normativa de protección de datos busca, en definitiva, unha maior garantía e seguridade para os cidadáns europeos, especialmente nas súas relacións electrónicas dentro e fóra da Unión. Este avance supón un reto para empresas, organizacións e administracións públicas, xa que han de adaptar os seus procedementos e estruturas para dar cumprimento á nova lexislación. Exemplo claro é a introdución da figura do delegado de Protección de Datos e a necesidade do desempeño de tarefas con total independencia e ausencia de conflito de intereses.

Pero máis aló, o regulamento supoñerá un cambio cultural a todos os niveis no relativo á protección de datos, con conceptos tan importantes como a privacidade desde o deseño ou a privacidade por defecto. Isto, supón tamén un cambio importante no desenvolvemento de todas as aplicacións que xestionan datos de carácter persoal, que non deixan de ser sistemas informáticos. Desde o CPEIG, confiamos en que isto supoña tamén un punto de inflexión para a concienciación da necesidade de regulación profesional, xa que é obvio que asuntos críticos como a seguridade xurídica e física das persoas debe ser garantidos por profesionais coas competencias e coñecementos acordes á responsabilidade que levan.

Fernando Suárez Lorenzo

Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)

20 aniversario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Celebrando dúas décadas de compromiso cos Dereitos Humanos



Preto dun cento de representantes de concellos galegos, da Xunta e de fondos de cooperación de distintas comunidades autónomas, entre outros, sumáronse o pasado 9 de novembro á conmemoración do vixésimo aniversario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Baixo o epígrafe “20 anos a Fondo coa Solidariedade”, a Cidade da Cultura acolleu un gran acto lúdico e reivindicativo, dinamizado pola compañía de clown Pallasos en Rebelría.

A concelleira de Políticas Sociais de Santiago de Compostela, Concha Fernández, foi a encargada de dar a benvinda ao evento, no que defendeu “o papel dos concellos en materia de cooperación”. Tomoulle o relevo o presidente do Fondo Galego, Juan González, que ademais viña de ser elixido presidente da Confederación de Fondos a nivel estatal. O tamén alcalde de Nigrán subliñou no seu discurso que “desde 1997 se teñen apoiado máis de 150 proxectos de cooperación en preto de trinta países, entre os que destacan Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú e, na actualidade, Mozambique”.

Pola súa banda, o presidente de honra do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, Xulio Ríos,



lembrou os comezos do Fondo Galego de Cooperación, impulsado polo propio IGADI, ao tempo que reivindicou a autonomía local. Na conmemoración destas dúas décadas de andaina subiu asemade ao estrado a vicepresidenta da Confederación de Fondos e presidenta do Fons Valencià, Xelo Angulo, quen apuntou que a Confederación representa a máis de 1.000 entidades locais “que impulsan políticas públicas con incidencia na cultura de paz, na consecución dos dereitos humanos e a prol dunha nova orde mundial”.

Por outra parte, o secretario xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Eduardo Ramonde, transmitiu a “emoción” e o “orgullo” do municipalismo ante o labor do Fondo Galego e subliñou que “temos que estar máis unidos ca nunca para que a axuda

de uns a outros chegue”. O peche das intervencións institucionais correspondeulle á directora xeral da Administración Local, Marta Fernández-Tapias, quen incidiu no “encomiable obxectivo” do Fondo Galego: “unir forzas no eido local para apoiar a persoas que o necesitan a nivel global”.

Os discursos mesturáronse con actuacións como a da Tropa de Trapo, que trasladou aos presentes ata Nicaragua a través dun dos seus contos, mentres que a escritora Marilar Aleixandre leu o poema que escribira para o libro ‘Palabras con Fondo’ e mais un relato de Carlos Casares incluído no mesmo volume. O broche de ouro púxoo Batuko Tabanka, grupo de mulleres de orixe caboverdiana afincadas na Mariña lucense, que difunde a música tradicional do arquipélago

africano ao tempo que promove a interculturalidade. Ademais, proxectáronse varios vídeos sobre o Fondo Galego e nos soportais da Biblioteca instalouse a exposición "20 anos a Fondo coa solidariedade".

As deputacións e concellos adheridos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade reciben cada ano actividades deste tipo polo mero feito de seren socios da entidade. De feito, a aquelas administracións locais que se sumen á rede neste

2018 concederáselles automaticamente un espectáculo de contacontos para sensibilizar fronte as desigualdades. Un incentivo máis que se engade ao xa loable fin de contribuír á consecución dos Dereitos Humanos Universais.

Asinado:

Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

20 anos de amizade e colaboración coa Fegamp

Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias estivemos presentes no acto de celebración dos 20 anos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade que foi celebrado cun acto ameno, divertido e dinámico. Desde a Fegamp non podíamos faltar a esa cita porque o Fondo Galego ten sido para nós un compañeiro de viaxe desde que comezamos a nosa colaboración institucional co fondo a finais dos anos 90. Debemos recordar que o Fondo nacía no seo da chegada do cambio de século pola crecente preocupación da cidadanía polo devir do futuro. As crises humanitarias, a pobreza, as consecuencias das guerras, etc., foron o caldo no que se coceu a creación deste organismo que hoxe cumpre vinte anos de proxectos, de iniciativas, de vida.

A colaboración entre as dúas entidades é continua xa que a Fegamp cede as instalacións ao Fondo Galego que realiza reunións de traballo periódicas na nosa sede. Tamén colaboramos co Fondo Galego difundindo as súas comunicacións a través das nosas redes. Aínda así, é máis que iso o que nos une xa que, coma nós, son unha asociación de carácter municipalista e o seu fin é buscar sempre aquilo que é bo e proveitoso para os nosos concellos. Como non había de ser de outra maneira eles, os concellos galegos, son a razón de ser de ambas entidades polo que o vínculo que nos une non queremos nin debemos rompelo.

Temos que recordar que falamos dunha cooperación municipalista, é dicir, que son os propios concellos como a administración máis próxima á cidadanía os que colaboran directamente con outros concellos que están noutros lugares do mundo. Esta colaboración é moi importante porque xurde dunha forma directa e chega directamente aos veciños. Amosar iniciativas que teñen sido de éxito noutros territorios, invitar ao ámbito municipal a aprender directamente sobre o terreo novas experiencias, ou motivar aos integrantes dos equipos municipais a vivir a experiencia de axudar aos outros mediante programas de traballo noutros países, poden ser algúns dos logros que máis debemos agradecer ao Fondo Galego.

Pero non debemos pensar que está todo o traballo feito. Sabemos que dende o Fondo Galego tamén son conscientes de que este momento actual que estamos vivindo na nosa sociedade, é un momento de

inquietudes, de crises económicas, de extremismos, de persoas en risco de exclusión social, de catástrofes como a recente vaga de lumes, de cambio climático. Temos que estar máis unidos que nunca para que a axuda de uns a outros chegue, e tamén que saiba como chegar. Os vínculos e contactos que o Fondo Galego leva feito en todos estes anos e os proxectos que leva traído ata a comunidade galega e levado ata países do Sur, teñen sido enriquecedores para os concellos. Pero tamén a rigorosa xestión e a seriedade coa que se traballa son un garante do traballo ben feito polo Fondo Galego.

Queremos darvos as grazas de parte de todo o municipalismo galego a todos os que fixestes, facedes e faredes posible que entidades coma o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade sigan adiante. A estela das accións que se poñen en marcha desde o Fondo Galego deberán ser a guía dun futuro municipal máis social, máis xusto e por riba de todo, máis solidario.

FELIZ ANIVERSARIO!!!

Manuel Mirás Franqueira

Vicepresidente Executivo da Fegamp



BOAS PRÁCTICAS SAÚDE E MEDIO AMBIENTE



58 Edición das Xornadas Ambientais e de Turismo Sostible no Camiño Portugués

Foron 3 días intensivos de formación e coñecemento en áreas punteiras da saúde ambiental, levadas a cabo grazas ao traballo e empeño do profesor Francisco Peña. Trátase dun curso que se sustenta en varios piares: ten como centro de estudo da programación o respecto polo medio ambiente pero hai varias cuestións que redondean a este concepto coma son a economía circular, a xestión de residuos ou a preocupación ante o cambio climático; temas que de por si son necesarios para acadar o primeiro.

As xornadas tiveron como pedra angular o Camiño a Santiago, un área de vital importancia para Galicia e que o profesor Francisco Peña soubo non deixar a un lado nesta formación.

O camiño de Santiago amosouse como básico para darnos conta de que é unha forma única de coñecer Galicia e que non podemos deixar escapar a oportunidade de facer do Camiño a Santiago un referente en turismo sostible, economía circular, xestión de residuos, de coidado do Medio Ambiente, de cultura, e de respecto polo mundo rural.

É importante impulsar a fondo a formación dos veciños dos nosos concellos en temas de respecto cara o medio ambiente xa que desta maneira crearíamos comunidades resilientes, é dicir, comunidades que se adaptarían mellor aos cambios e sobre todo, máis informada para saber das consecuencias que poden vir.

A Fegamp invitada ao VIII Encontro Galicia-Norte de Portugal sobre conservación e xestión da Obra Pública, Cidade e Territorio

O presidente da Fegamp participou neste encontro celebrado na cidade de Vigo o 20 de outubro e onde se puxo de manifesto a importancia da obra pública como básica para a conversión das cidades, pobos e vilas, de como as coñecemos na actualidade, en outras máis saudables e sostibles. A Federación Galega de Municipios e Provincias participou dentro do marco da

sesión terceira deste encontro dedicada ao Espazo Público Cidadán e foi unha oportunidade para afondar en temas tan interesantes para o municipalismo como o Drenaxe sostible, os caudalímetros intelixentes, a innovación en gasodutos, a Planificación Urbana, a Xestión da Auga, ou as Startups e a súa importancia no desenvolvemento sostible.



II Xornada "A saúde en todas as políticas" impulsada pola Fegamp

A Fegamp levou a cabo en colaboración coa Xunta de Galicia, e o apoio de Abanca e Gadisa, unha xornada sobre a aplicación de políticas que teñan en conta a saúde na súa creación e implementación. A Xornada, xa na súa segunda edición, foi un foro no que compartir experiencias, intercambiar opinións, e en consecuencia, camiñar cara a elaboración de estratexias que sexan o máis adecuadas posibles para a saúde colectiva dos cidadáns en tódalas políticas aplicadas. A fin sería e que estas logren maximizar os impactos positivos e evitar os efectos negativos inesperados para a saúde das persoas ou do medio ambiente.

Para isto, para ter en conta a saúde en todas as políticas, explicouse a necesidade de elaborar un PLS ou Plan Local de Saúde adecuado ao territorio no que vai ser aplicado e en consonancia coas necesidades que os individuos teñan como primordiais; atendendo tamén ás condicións políticas, ambientais ou sociais específicas de ese territorio.

Os asistentes tiveron a oportunidade de traballar máis a fondo o concepto dos Plans de Saúde Local con exemplos de plans xa postos en marcha e, por suposto, coa inestimable presenza dos relatores que explicaron e resolveron todas as dúbidas que se presentaron.

Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía



O pasado 28 de novembro tivo lugar unha xornada sobre o **Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía**, unha iniciativa da Comisión Europea para promover a nivel local a loita contra o cambio climático a través da asunción de compromisos concretos de aforro enerxético e de fomento das enerxías renovables. A esta cita acudiron multitude de alcaldes e alcaldesas de Galicia para coñecer máis a fondo esta proposta que chega dende Europa e que tal como afirmou no seu momento o comisario de Acción polo Clima e a Enerxía: "é a iniciativa urbana máis grande do mundo en canto a clima e enerxía

Representantes europeos do Pacto, e tamén españois, motivaron aos alcaldes presentes a sumarse a esta iniciativa con relatorios de moito calado. Ademais, a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, María Cruz Ferreira Costa, explicou que hai fontes de financiamento que serán máis accesibles se os concellos que firman se organizan ou contan co apoio de estruturas supramunicipais, coincidindo con outros relatores na idea de que "xuntos farémolo mellor". Ademais estar adherido ao Pacto dos Alcaldes será obrigatorio para participar en determinadas convocatorias de **financiamento europeo**, coma poderían ser as **Smart Cities**.

En Europa son 7.600 adhesións de territorios que pertencen ao pacto. Se falamos de España, neste momento son 1.814 as entidades que firmaron xa o pacto e cóntase con 27 coordinadores territoriais, 8 promotores do pacto e 9 axencias de enerxía. No caso concreto de **Galicia rexistramos 22 adhesións** a este pacto ata o momento. ". A través da sinatura ao pacto os concellos asumen o obxectivo de reducir as súas emisión nun 20% ata o ano 2020. O **traballo por facer** por parte dos concellos para acadar os obxectivos é moito: formar

aos traballadores locais, renovar alumeados públicos, renovar flota municipal, auditoría de instalacións municipais, e unha longa lista de accións máis para achegarse aos obxectivos marcados.

O presidente da Fegamp, Alfredo García, reclamou no acto de peche da xornada, que **os concellos necesitan persoal para levar a cabo as medidas necesarias que esixe a adhesión ao pacto**, recordando a imposibilidade que teñen actualmente as EE.LL. de contratar traballadores. Valorou tamén esta iniciativa e o seu carácter local como "un acerto xa que os concellos son a unidade de administración máis próxima aos cidadáns e polo tanto son a mellor ferramenta para loitar contra o cambio climático".

Para rematar recordou o presidente "**a importancia dun acordo e dun compromiso de algo que nos concirne a absolutamente tódolos cidadáns**, independentemente da posición que ocupemos nas distintas capas sociais". De non reducir o nivel de emisións contaminantes e o esgotamento de diversos recursos naturais, os nosos fillos e netos poderían verse afectados de cheo nun futuro polas consecuencias negativas que esta tendencia ao gasto acabará supoñendo, e que de feito xa comezamos a observar.

Agora a **Xunta de Galicia da un paso cara adiante** como coordinadora do pacto converténdose así en estrutura de soporte para que esta iniciativa se asente no territorio galego. Pero hai que recordar que é básica a colaboración por parte de todos: dos concellos, das administracións superiores, das empresas, e tamén dos particulares, é dicir, dos veciños e veciñas. **Galicia debe e pode ser exemplo** e converterse nunha das zonas fundamentais de aplicación destas medidas destinadas a beneficiarnos a absolutamente todos, aos que estamos e aos que virán.



A Fegamp renova o compromiso coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero

Este outono a Fegamp asinou a renovación do acordo de colaboración para impulsar a Rede de Entidades locais contra a violencia de xénero nun acto no que estaban presentes o presidente da Fegamp, Alfredo García, a Directora da Administración Local, Marta Fernández-Tapias, e a Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella. O acordo trata de seguir impulsando actuacións contra a violencia de xénero no ámbito local dunha forma coordinada.

Tamén se realizou a presentación das actividades promovidas de forma gratuíta dende a Secretaría Xeral da Igualdade para loitar contra a violencia de xénero como obradoiros educativos, un espectáculo lúdico musical e pedagóxico, dúas exposicións gráficas ou un curso de defensa persoal e autocapacidade.


Ao longo de 2017 logrouse que 10 novos concellos e 3 mancomunidades se adheriran a esta rede municipal de rexeito á violencia de xénero. Á rede pertencen en total 178 Entidades Locais Galegas: 67 na provincia da Coruña; 35 en Lugo; 35 en Ourense; e 41 en Pontevedra.

Quedou por outra banda constancia do apoio por parte de ambas entidades ás Mesas Locais de Coordinación (MCL), un instrumento operativo na que están representados todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero. As MCL xorden como forma de acadar maior capacidade de resposta e prontitude na axuda as vítimas e para isto dende 2015 se conta cunha Guía Práctica para a constitución das mesas nos concellos galegos á que se pode acceder na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade. Neste ano constituíronse 8 mesas locais máis en Cuntis, A Lama, Mancomunidade de Santa Águeda, Lousame, Santiago de Compostela, Tomiño, Mondoñedo e Chantada.

Campaña publicidade "Os concellos galegos #PoloBoTrato"

Un ano máis a Fegamp amosa o seu compromiso co rexeito á violencia cara ás persoas e moi especialmente á muller, en calquera ámbito e particularmente no ámbito local. En colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) estreamos con motivo do 25N Día Contra a Violencia Machista unha campaña de publicidade na que buscabamos que as Entidades Locais Galegas se amosasen libres de violencias. Un decálogo creado polos profesionais do COPG invita aos concellos a rexeitar todo tipo de actos sexistas e promover a igualdade. A continuación podedes ver a imaxe da campaña:

CONCELLOS GALEGOS #PoloBoTrato



A IGUALDADE COMEZA NO NOSO PROPIO CONCELLO

- 1 ▷ **Empregamos** linguaxe libre de connotacións sexistas
- 2 ▷ **Integramos** a perspectiva de xénero nas nosas decisións
- 3 ▷ **Difundimos** unha imaxe non sexista da muller
- 4 ▷ **Traballamos** entre a poboación máis nova a prevención da violencia machista e os valores de igualdade e respecto
- 5 ▷ **Fomentamos** a corresponsabilidade nas tarefas e a ética no coidado, tanto de menores como de persoas dependentes
- 6 ▷ **Identificamos** e emendamos as deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres
- 7 ▷ **Respectamos** a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal
- 8 ▷ **Promovemos** unha representación equilibrada de mulleres e homes en tribunais, xurados, comités e comisións
- 9 ▷ **Rexeitamos** a contratación de actividades nas que se promova unha imaxe sexista da muller
- 10 ▷ **Prestamos especial atención** ás mulleres en situación de vulnerabilidade



Accións formativas destacadas nas modalidades presencial e en liña

Imaxe do curso “Iniciativas Territoriais Innovadoras para o Desenvolvemento Económico Local”

O outono é a época na que recibimos na Fegamp a visita de cantidade de traballadores municipais xa que teñen lugar os cursos presenciais que a Fegamp pon en marcha de forma gratuíta. Ambas modalidades, presencial e en liña, teñen unha gran aceptación entre os/as traballadores municipais que tardan moi poucos días en cubrir todas as prazas dos máis de 30 cursos que se ofertan. A continuación destacamos algunha das formacións que están tendo lugar este ano:

MODALIDADE PRESENCIAL

Destacamos en modalidade presencial o **OBRADOIRO BÁSICO DE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA (NIVEL A1.1)** que levamos a cabo en colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), e que tivo como público destinatario o persoal da Administración Local de Galicia interesado en coñecer e aprender a lingua de signos para facer a Administración Local máis accesible a todos os colectivos.

OBXECTIVOS: Buscábase que os alumnos e alumnas conseguiran recoñecer e comprender vocabulario e frases sinxelas signadas con claridade e lentitude sobre aspectos da vida cotiá como información sobre identificación e caracterización persoal ou dar instrucións sobre orientación e localización no espazo.

Levou a cabo tamén de forma presencial o curso de **INICIATIVAS TERRITORIAIS INNOVADORAS PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO LOCAL**, un curso específico para determinados colectivos como son os axentes de desenvolvemento local da Administración Local de Galicia.

OBXECTIVOS: Os obxectivos eran os de debater sobre estratexias de desenvolvemento rural e de micro-desenvolvemento rural (micro-pobos e pobos pequenos) e coñecer casos inspiradores en DEL (Desenvolvemento Económico Local) e intercambiar experiencias de referencia entre territorios (Cataluña e Galicia).

O curso contou cunha parte dedicada a poñer en marcha un taller de deseño de estratexias no que os alumnos e alumnas puideron definir de forma práctica as liñas

de acción a partir da identificación dos retos principais dos seus territorios e a posible aplicación de propostas innovadoras a partir dos casos expostos.

MODALIDADE EN LIÑA

Son varios os cursos a destacar nesta modalidade que pola súa versatilidade é moi valorada entre os usuarios da nosa formación. Destacamos agora un curso sobre **A NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO** dentro da área formativa Xurídico-procedemental que tivo moita aceptación por parte dos alumnos e alumnas pola actualidade da formación. Os destinatarios foron Habilitados Nacionais, tamén Responsables de Contratación e demais persoal técnico (A e B) da Administración Local de Galicia.

OBXECTIVOS: Entre as principais metas estaban coñecer a nova regulación en materia de contratos do sector público e analizar as principais novidades en materia de contratación electrónica e transparente adaptada á normativa europea

Seguindo coa formación en liña púidose aprender a través dun curso a **XESTIONAR E RESOLVER CONFLICTOS NA ATENCIÓN AO PÚBLICO** dentro da Área formativa de Información e atención ao público e cuxos destinatarios foron o persoal da Administración Local de Galicia que desempeñase as súas funcións en oficinas de atención ao cidadán ou estivese en contacto con el.

OBXECTIVOS: Entre os obxectivos que perseguía o curso estaban adquirir algunhas destrezas para solucionar situacións conflictivas e desenvolver habilidades para xestionar estas situacións

Se queres optar a esta formación gratuíta que ofrece a Federación Galega de Municipios e Provincias para os traballadores e traballadoras da Administración Local terás que estar atento a partir da primavera do próximo ano. Toda a información sobre formación continua na nosa web no seguinte enlace <http://www.fegamp.gal/formacion/continua>

BOE Nº. 253 / VENRES, 20 DE OUTUBRO DE 2017
MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

Real Decreto 898/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a concesión directa de subvencións para a contratación de servizos de acceso de banda larga fixa de alta velocidade a 30 megabits por segundo.

OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

1. O presente real decreto ten por obxecto a regulación da concesión directa de axudas para que os usuarios poidan contratar servizos de acceso de banda larga fixa, independentemente da tecnoloxía utilizada, a unha velocidade mínima de transmisión de datos en sentido descendente de 30 Mbits por segundo, sufragándose os gastos asociados á alta nos mesmos.
2. As actuacións contempladas no presente real decreto e, en particular, as subvencións para conceder, teñen como finalidade superar as barreiras de entrada para que os usuarios que estean en localizacións nas que non hai dispoñibles servizos de acceso de banda larga fixa que proporcionen unha conexión polo menos a unha velocidade de transmisión de datos en sentido descendente de 10 Mbits por segundo e simultaneamente teñen un retardo inferior aos 100 milisegundos (ms), poidan contratar servizos de acceso de banda larga fixa a unha velocidade mínima de transmisión de datos en sentido descendente de 30 Mbits por segundo.
3. As actuacións contempladas no presente real decreto respectan o principio de neutralidade tecnolóxica, de maneira que non se favorece a ningunha tecnoloxía en particular. Os posibles beneficiarios poderán contratar as ofertas comerciais de servizos de acceso de banda larga fixa de alta velocidade que realicen os operadores de comunicacións electrónicas adheridos con independencia da tecnoloxía que se utilice.

BENEFICIARIOS

1. Poderán obter a condición de beneficiario:
 - a) As persoas físicas.
 - b) Autónomos.
 - c) As pequenas e medianas empresas (pemes).
 - d) Entidades sen ánimo de lucro.
 - e) **Concellos con poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes** censados no seu último padrón para que poidan dispoñer de servizos de acceso de banda larga fixa de alta velocidade en dependencias en que se presten servizos municipais tales como casa consistorial, bibliotecas públicas, centros deportivos, parque de bombeiros, policía municipal ou edificios de xestores de servizos municipais. Os servizos de banda larga previstos neste epígrafe deberán destinarse aos propios servizos municipais ou aos usuarios dos devanditos servizos e en ningún caso poderán destinarse a facilitar acceso de banda larga ao público en xeral ou a prestación de servizos a terceiros.
2. Unicamente poderá solicitarse unha subvención por beneficiario, salvo no caso dos beneficiarios sinalados no parágrafo e) do apartado anterior, que poderán beneficiarse de axudas ata un máximo de cinco localizacións diferentes.
3. Non poderán resultar beneficiarios as persoas e entidades en quen conorra algunha das prohibicións establecidas no apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, en canto resúltenlles de aplicación.

4. Os beneficiarios das subvencións quedarán suxeitos ás obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

FINANCIAMENTO

O financiamento das subvencións reguladas no presente real decreto realizarase pola Entidade Pública Empresarial Red.es con cargo aos seus propios recursos, aínda que se poderá levar a cabo unha cofinanciación con recursos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) conforme á súa normativa específica. A contía de financiamento determinarase en cada unha das convocatorias.

CONTÍA DA SUBVENCIÓN

1. O custo unitario que se establece como contía máxima da subvención, incluíndo impostos indirectos conforme ao artigo 6.2 deste real decreto, será de 400 €.
2. A contía da subvención non poderá ser superior, en ningún caso, ao gasto da actuación subvencionable.

ÁMBITO TEMPORAL

O presente programa de axudas estenderase ata o día 31 de decembro de 2020, aínda que o órgano competente para a convocatoria, xestión e resolución destas axudas poderá ampliar devandito prazo ata un período adicional de dous anos. Neste ámbito temporal, o órgano competente para a convocatoria, xestión e resolución destas axudas poderá efectuar unha ou varias convocatorias.

Para máis Información:

No Boletín Oficial do Estado (BOE Nº: 253)
Na Dirección Xeral da Entidade Pública Empresarial Red.es



BOE N.º 277 / MÉRCORES, 15 DE NOVEMBRO DE 2017

MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

Resolución do 14 de novembro de 2017, do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, pola que se publica a do 7 de novembro de 2017, do Consello de Administración, pola que se establecen as bases reguladoras de convocatoria de axudas para a adquisición de vehículos de enerxías alternativas (Plan Movalt vehículos).

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de axudas correspondentes ao Programa de axudas para a adquisición de vehículos de enerxías alternativas (Plan Movalt Vehículos), consistente en incentivar a adquisición en España de vehículos con enerxías alternativas aos combustibles convencionais, fomentando con iso a sustentabilidade no sector do transporte, a diminución das emisións de CO₂ e doutros contaminantes, a mitigación do cambio climático e a mellora de calidade do aire do país, así como o aforro enerxético e a diversificación das fontes enerxéticas no transporte e a consecuente redución da dependencia enerxética do petróleo.
2. As axudas a que se refiren estas bases revisten a modalidade de entrega dineraria sen contraprestación condicionada á adquisición en España de vehículos das categorías especificadas na base cuarta así como ao cumprimento dos restantes requisitos regulados polas mesmas.
3. As axudas destinaranse á adquisición directa ou á adquisición por medio de operacións de financiamento por leasing financeiro ou arrendamento por renting (tamén chamado leasing operativo) dun vehículo novo. Tamén se destinarán á adquisición de vehículos eléctricos e de pila de combustible de ata nove meses de antigüidade, exceptuando as motocicletas, desde a primeira matriculación ata o rexistro da solicitude na aplicación do Plan Movalt Vehículos, e cuxa titularidade deberá ostentalala o concesionario, punto de venda ou fabricante/importador que realice a venda do vehículo. Neste caso o vehículo deberá ser adquirido polo punto de venda como vehículo novo ao fabricante ou importador.

BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste programa:
 - a) Os profesionais autónomos, nese caso haberán de estar dados de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores.
 - b) As persoas físicas maiores de idade residentes en España non incluídas no anterior apartado a).

- c) As empresas privadas, validamente constituídas en España no momento de presentar a solicitude, e outros tipos de persoas xurídicas tal que o seu número de identificación fiscal (NIF) comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, N, R ou W.
- d) As entidades locais e as entidades públicas vinculadas ou dependentes delas, sempre que cumpran co disposto, en relación ao prazo máximo de pago a provedores, na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que deberán achegar certificación da intervención local sobre o período medio de pago a provedores, que non poderá superar en máis de 30 días o prazo máximo establecido para o efecto.
- e) As Administracións das Comunidades Autónomas e as entidades públicas vinculadas ou dependentes delas, sempre que cumpran co disposto no artigo 20.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e restante lexislación aplicable.
- f) Outras entidades públicas vinculadas ou dependentes da Administración Xeral do Estado.

En caso de tratarse dunha entidade pertencente ao sector público deberá presentar unha declaración responsable onde acredite a súa adscrición, especificando se se refire á Administración Xeral do Estado, a unha Comunidade Autónoma ou a unha entidade local.

VIXENCIA DO PROGRAMA, FINANCIAMENTO E PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A vixencia, financiamento e prazos para a presentación de solicitudes do programa serán os establecidos no extracto e a convocatoria correspondente que serán publicados no «Boletín Oficial do Estado» e na base de datos nacional de subvencións (BDNS), respectivamente.

Para máis Información:

No Boletín Oficial do Estado
(BOE N.º: 277 – BASES REGULADORAS)

No Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE):
www.idae.es



A nosa Rianxeira cumpre 70 anos



Estatua homenaxe á Rianxeira, Concello de Rianxo

Mergullámonos na apaixonante historia dunha cantiga que é un himno popular para toda a cidadanía galega. Este ano, A Rianxeira celebra o seu 70 aniversario e queremos recordar o verdadeiro orixe desta canción tan importante para o noso pobo e que se canta desde Fisterra ata Valdeorras e desde A Guarda ata Viveiro, pasando por Rianxo claro está. A pesar do que moitos pensen non é unha canción popular senón que ten un quen e un porqué.

A *Rianxeira* foi composta en 1947 en Bos Aires con motivo da chegada á Arxentina do escritor Castelao que viaxaba nun barco desde París, ao porto de Bos Aires. A música, de Anxo Romero Lojo, conxugouse coa letra de Xesús Frieiro, alias *Pinciñas*, e tras varias semanas de apuro e ilusión a canción foi estreada polo Coro Castelao e a Rondalla no banquete de Benvida preparado para homenaxear a Castelao un día despois da súa chegada a Bos Aires. Anxo Romero Lojo, natural tamén de Rianxo, estaba unido a Castelao por unha grande amizade e tamén por uns mesmos ideais políticos galeguistas.

Despois de presentarse no convite, a canción foi gravada en Montevideo en 1950 pola mítica empresa discográfica RCA Víctor baixo o título de *Ondiñas da nosa ría*. Anxo Romero enviou un único disco a Rianxo, que chegou ao Bar Feliciano, para soar unha e outra vez e converterse nun himno; primeiro foi o himno do Bar Feliciano, despois o himno da localidade de Rianxo e continuou o seu percorrido ata ser hoxe as súas letras

entoadas polos seguidores que acompañan ao Celta. Foi ademais obxecto de distintas versións, entre outros, por María Ostiz (1971), Ana Kiro (1977), A Roda, Dulce Pontes ou Linda Ronstadt con The Chieftains.

A cantiga “Ondiñas da nosa ría” percorreu así un longo camiño no que acabou converténdose en “A Rianxeira” e, grazas

á radiodifusión, fíxose tan coñecida coma é hoxe en día e pasando de ser canción que identificaba aos emigrantes no exilio a converterse no segundo himno de Galicia: un son que no mesmo intre que é escoitado por un galego ou galega en calquera lugar do mundo onde se atope, achega o seu pensamento ata a querida terra de Galicia.



Recordamos hoxe a letra coa que naceu:

ONDIÑAS DA NOSA RÍA (1947)

I

Moito me gustas rianxeira
Que estás eiquí na Arxentina (bis)
Verche cantar e bailare
Como alá na terra miña (bis)

Estribillo

**Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
Ondiñas veñen e van
Non te embarques rianxeira
Que te vas a marear (bis)**

II

Que guapa estabas rapaza
Cando te vin na ribeira, (bis)
Tiña-la cara morena
Como a virxe rianxeira (bis)

III

A virxe de Guadalupe
Vai no iate de Baltar (bis)
Levana os rianxeiros
A remolque polo mar (bis)

Tamén recordamos a letra coa que hoxe entonamos esta mítica canción:

A RIANXEIRA

I

A virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira, (bis)
descalciña pola area
parece unha rianxeira (bis)

Estribillo:

**Ondiñas veñen, ondiñas veñen
ondiñas veñen e van
non te embarques rianxeira
que te vas a marear (bis)**

II

A virxe de Guadalupe
cando veu para Rianxo, (bis)
a barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo (bis)

III

A virxe de Guadalupe
quen a fixo moreniña, (bis)
foi un raíño de sol
que entrou pola ventaiña (bis)

culinaria

Cociña Culinaria

servizos especializados de restauración colectiva

**Xantares a domicilio • Centros residenciais • Centros de día terapéuticos
Escolas infantis • Comedores escolares...**



**Cociña especializada
en dietética e nutrición**



Respostas adaptadas a cada tipo de servizo

Teléfono de atención ao cliente do grupo sociser

902 104 900

Parque Empresarial Área 33. Parcela 31C • 36540 Silleda (Pontevedra-Spain)

info@cocinaculinaria.com • www.cocinaculinaria.com

Grupo
sociser
sociedade e servizos

Distribuído por:
Exero
catering

Cada gota conta



AFORRA PARA CONVENCER

LABOR DE CONCIENCIACIÓN NA OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS



Tanto en uso doméstico da auga como nas regas e na gandería, especialmente nas cabeceiras de pequenos ríos e regatos. **¿Será quen o teu concello de motivar á cidadanía?**

INSTALAR MECANISMOS DE AFORRO DE AUGA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS



Se unha soa billa aberta pode perder 10 litros por minuto o aforro sería de 75.000 litros en 365 días o que sería o aforro dunha piscina de auga ao ano por cada billa. **¿O teu concello cantas piscinas cres que pode aforrar?**

REDUCIR AO MÁXIMO AS FUGAS NAS CANALIZACIÓNS



Intensificar as labores de mantemento da rede de abastecemento de cara a minimizar perdas e optimizar o seu funcionamento. Basta con ser conscientes de que entre un 20% e un 30% da auga que vai polas redes de subministro das cidades pérdese en fugas. **¿Sabes canta auga deixarías de perder o teu concello?**



E EN PERÍODOS DE SECA

- ◆ OPTIMIZAR AS REGAS
- ◆ RESTRINXIR BALDEO DE RÚAS
- ◆ SUPRIMIR O USO DE FONTES ORNAMENTAIS
- ◆ REDUCIR A PRESIÓN EN HORARIO NOCTURNO PARA MINIMIZAR FUGAS
- ◆ LIMITAR O ENCHIDO DE PISCINAS

